

# O IES Leixa abordará o perfil e papel dos técnicos en coidados auxiliares

REDACCIÓN > FERROL

■ “Dar a coñecer dun xeito claro cal é o perfil profesional dos técnicos en coidados auxiliares de enfermaría, a formación que teñen e o papel que desenvolven profesionalmente” son algúns dos obxectivos co que o IES Leixa celebrará o vindeiro 10 de maio unha Xornada Técnica centrada no devandito colectivo. Organizada polo Departamento de Sanidade do centro, conta coa colaboración da Xerencia de Atención Integrada de Ferrol e o Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide-Profesor Nova Santos.

A actividade ofrecerá ao mesmo tempo a estudantes e profesionais a oportunidade de presentar comunicacións que contribúan a achegar á comunidade o verdadeiro facer destes colectivos. Un grupo en cuxo perfil, tal e como se informa desde o propio instituto, estanse a producir moitos cambios nos últimos anos “atopando que os labores asignados a estes profesionais poden ser realizados tanto por persoas sen titulacións” como por outras con estudos diferentes a estes.

Se a todo isto se engade a recente publicación da cualificación profesional relativa a este ámbito e os borradores do novo título de ciclo de grao medio de Coidados Auxiliares de Enfermería ao abeiro da Lei Orgánica de Educación, temos, segundo os voceiros do Leixa, un “descoñecemento das funcións que desenvolven estes traballadores non só entre a poboación xeral (baixo prestixio social) senón tamén nas propias entidades e empresas do eido sanitario tanto do ámbito público como privados”.

Todo isto provoca tamén, engaden, unha “falta de uniformidade en canto as funcións que desenvolven nos distintos sectores” nos que poden prestar os seus servizos.

**Conferencias** > No marco deste contexto, xurde unha xornada que se desenvolverá en horario de mañá e tarde e que incluírá diferentes conferencias e mesas re-



O instituto oferta catro ciclos formativos do ámbito sanitario e tres de Artes Gráficas

LUIS POLO

## OBXECTIVOS

A cita incluírá conferencias, mesas redondas e exposicións de comunicacións e posters

dondas. O marco das cualificacións profesionais, as funcións propias e delegadas dos técnicos en coidados auxiliares de Enfermería ou a importancia das actitudes no rol destes profesionais serán algunhas das cuestións a abordar na sesión matinal, que dará comezo ás nove da mañá.

Pola tarde, e antes das conferencias de clausura, a xornada adicará un importante espazo ás comunicacións libres e aos posters que todos os participantes que o desexen poderán presentar. O prazo para enviar os resumos rematará o vindeiro día 20.

A inscrición para a xornada é gratuita e con prazas limitadas a un aforo de 206. Esta terá que fa-

## O centro implantará o vindeiro curso os novos ciclos de Artes Gráficas adaptados á LOE

■ O vindeiro curso, o IES Leixa ten previsto implantar dous novos ciclos de Artes Gráficas como consecuencia da súa adaptación á LOE e que substituirán aos actuais ciclos medios de Preimpresión e Impresión. Trátase dos ciclos medios de Impresión Gráfica e o de Preimpresión Dixital, ambos de 2.000 horas (dous cursos) de duración –o de Preimpresión xa ten na actualidade esta carga lectiva, mais o de Impresión ten 1.400 horas–. No tocante ao de Impresión gráfica, a formación será moito máis específica que o actual e inclúe, segundo se

informou dende o centro, as novas técnicas de impresión dixital. Neste sentido, desde o IES Leixa salientase que este curso adquiriuse un moderno simulador de impresión do tipo offset, único en toda a comunidade, que permite simular todo o proceso –será abordado na vindeira xornada técnica–. Con el, o profesorado pode representar diferentes situacións de traballo cos alumnos. Pola súa banda, o novo ciclo medio de Preimpresión dixital centrarase máis en técnicas de produción e impresión dixital.

cerse exclusivamente en línea a través do formulario disponible na páxina web do IES Leixa ([www.edu.xunta.es/centros/iesleixa](http://www.edu.xunta.es/centros/iesleixa)). O prazo, xa aberto, rematará o 27 deste mesmo mes.

Tal e como se informa desde o centro, a admisión farase por es-

trita orde de inscrición, repartíndose as prazas ao 50% entre estudantes e profesionais. Na propia web vaise publicando o número de inscricións que se van formalizando, e que a finais da pasada semana se situaban en 68 traballadores e 45 alumnos.